



*a tiro de vedra*



2021 ↑

### A CASA DO CONCELLO

■ Lembra que as oficinas xerais municipais abren ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Lembra tamén que calquera xestión que teñas que realizar nos nosos diferentes departamentos É OBRIGATORIO SOLICITAR CITA PREVIA e que PODES FACELO NO TELÉFONO 981 814 612 ou no seguinte enderezo electrónico: vedra@concellodevedra.com.

### TARXETA XENTE NOVA. TRANSPORTE GRATUÍTO METROPOLITANO DE GALICIA

■ LEMBRA... Ata o día que cumpras 21 anos na nosa Comunidade Autónoma as viaxes metropolitanas e interurbanas son gratuítas.



Así que se usas o transporte en autobús NON esquezas solicitar esta tarxeta. Toda a información de uso, forma de solicitude, etc,... na seguinte ligazón: <https://tmg.xunta.gal/xente-nova>

### SERVIZO DE NOVAS CONCELLO DE VEDRA

■ Na actualidade, máis que nunca, é moi útil coñecer dun xeito directo e automático toda a información de interese. Para iso podes contar con todos os servizos de información municipais:

- Servizo de novas por whatsapp no teléfono 663 893 398
- Servizo de novas no correo electrónico no correo cultura@concellodevedra.com
- A páxina web [www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es)
- A páxina de facebook @concellodevedra
- O instagram #concellodevedraoficial

## MENSAXE DE NADAL

Poucas veces tanta xente ten tantas gañas de despedir un ano...

Aínda así dende Vedra queremos facelo cun sorriso e a esperanza dun 2021 que seguro nos devolverá a alegría de vivir!

A por un 2021 cheo do mellor!!

**Feliz Nadal!!**



### VEDRA SOSTIBLE: SOLIDARIDADE

Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.

## DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			



Comezou o V12 en Vedra, coa visita virtual a Ponte Ulla.



Actuación dos "Monicreques de Kukas: Xan Perillán e a Maleta Máxica".



Presentación do vídeo "Vacínate contra a Desigualdade".



Encontro e lectura do manifesto "Pecha o círculo contra a violencia de xénero".



O proxecto da USC para persoas +50 "Camiños de coñecemento e experiencia".



Día Internacional do Voluntariado.



## ASÍ FOI O OUTUBRO DAS ASOCIACIÓNS



Así foi o Cogomelar 2020 da Asoc AMABUL que nesta edición desenvolveu xornadas presenciais e en liña.

## De Interese

### PUNTO LIMPO!

■ Chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita para achegarte ao Punto Limpo situado no lugar de Fornelos na parroquia de Vedra.

- Martes de 9:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados de 9:00 a 14:00 horas.

### SERVIZO DE AVARIAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría na iluminación pública chama ao 699 304 702 ou manda aviso a través da aplicación colgada na web municipal.

### AVISOS DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA

■ Se atopas algún niño de velutina **LEMBRA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN** establecido pola Xunta de Galicia e a FEGAMP... **CHAMA AO 012**

### SERVIZO DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ Solicita a recollida de voluminosos no teu domicilio no teléfono 981 814 612 de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Este servizo visitará o teu domicilio para realizar a recollida dos teus voluminosos.

### CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES CON CITA PREVIA

■ En decembro continúa este servizo de información especializada no catastro.

- Data: martes 15 de decembro.
- Horario: de 9:00 a 14:00 horas.
- Lugar: salón de plenos do concello.

Para facer uso deste servizo será necesario solicitar cita previa no teléfono 981 814 612

...NESTE PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL:

- 1) Subminístrase a información catastral ás persoas interesadas, así como a recepción, recursos, cambios de titularidade, altas, reclamacións,... por

parte das persoas con titularidade catastral.

2) Facílitate información catastral ás persoas interesadas.

3) Facílitate información catastral sobre dos criterios, módulos, coeficientes e táboas de valoración aplicados ás fincas e aos datos que lles serviron de base.

4) Solicítase a información e recóllense os recursos, altas, cambios de dominio, as reclamacións presentadas polos/as titulares catastrais e os documentos acreditativos da existencia do erro detectado.

# Nadal en Vedra

## "CAMIÑO DAS ESTRELAS"

Exposición virtual das tarxetas participantes no  
"Concurso de Tarxetas de Nadal" nas redes sociais municipais

**19 decembro:**

**Torneo en liña de xadrez por colexios.**

**Hora:** de 20:30 a 21:30 h.

Inscripcións e información no teléfono 633 447 674

**21 decembro:**

**Visita de Papá Noel ás escolas de Vedra.**

**23 decembro:**

**"Tardiña de Estrelas: Vedra en Ciencia"**

**Hora:** De 16:00 h. a 18:00 h. **Lugar:** Centro Social de Vedra.

**Nº de prazas:** 20.

Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

**24 decembro:**

**Cantarelas de Nadal virtuais, coa A.C. San Campio**

**26 decembro:**

**Contacontos con Raquel Queizás.**

**Hora:** 18:00 h. **Lugar:** Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla. Prazas limitadas. Actividade infantil e familiar

**Entrega de Premios do Concurso de Postais**

**26 decembro:**

**Torneo individual de xadrez en liña concello de Vedra.**

**Hora:** de 20:30 a 21:30 h. **Inscripcións e información no teléfono:** 633 447 674

**28 decembro:**

**"Tardiña de Estrelas: Vedra en Ciencia"**

**Hora:** De 16:00 h. a 18:00 h. **Lugar:** Centro Social de Vedra.

**Nº de prazas:** 20.

Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

**Do 28 de decembro ao 5 de xaneiro:**

**Caixa de correo para as cartas aos Reis Magos diante da Casa do Concello.**

**29 decembro:**

**"Obradoiro de creación de lanternas de constelacións: Vedra en Ciencia"**

**Hora:** ás 17:00 h. **Lugar:** Casa Cultural da Cruza, San Xián de Sales. **Nº de prazas:** 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

**30 decembro:**

**"Tardiña de Estrelas: Vedra en Ciencia"**

**Hora:** De 16:00 h. a 18:00 h. **Lugar:** Centro Social de Vedra.

**Nº de prazas:** 20.

Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

**2 xaneiro:**

**Superheroe, Fran Rei**

**Hora:** 18:00 h. **Lugar:** Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla. Prazas Limitadas. Actividade infantil e familiar

**4 xaneiro:**

**"Tardiña de Estrelas: Vedra en Ciencia"**

**Hora:** De 16:00 h. a 18:00 h. **Lugar:** Centro Social de Vedra.

**Nº de prazas:** 20.

Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

**5 xaneiro:**

As súas **Maxestades de Oriente** estarán na Nave da Estación de Santa Cruz para compartir a ilusión desta data. Se queres participar inscríbete!

**No Nadal:**

**Os Reis Magos fan o "Camiño das Estrelas" en Vedra.**

Os Reis Magos que fixeron o camiño cara Belén guiados por unha estrela este Nadal propoñerán en Vedra o seu camiño das estrelas.

Igual que os tres camiños que fixeron os Reis Magos dende os seus reinos en Oriente Vedra terá tamén os "Tres Camiños das Estrelas", que representarán os seus tres agasallos de ouro, incenso e mirra.

Ao igual que no camiño tradicional haberá que buscar as estrelas para conseguir unha "estrelana". As estrelas estarán repartidas polas doce parroquias do concello (un total de doce estrelas: 4 de incenso, 4 de de mirra e 4 de ouro). No lugar onde estean localizadas as estrelas haberá un cofre con estreliñas, correspondentes a cada un dos camiños. Cada participante deberá poñer as estreliñas na súa credencial, que poderán descargar na páxina web do concello.

Os Camiños das estrelas son os seguintes:

- Camiño de Incenso: estrelas marrón.
- Camiño de Mirra: estrelas vermellas.
- Camiño de Ouro: estrelas amarelas.

A iniciativa está pensada para os nenos e as nenas que terán que conseguir unha estrela de cada camiño para que o día de Reis, na Nave da Estación, poidan conseguir a súa "estrelana", o certificado de que, coma os reis, fixeron o Camiño das Estrelas! Toda a información e as novidades desta proposta estará na páxina web municipal e nas redes sociais.

INSCRÍBETE A PARTIR DO 20 DE XANEIRO EN CALQUERA DAS NOSAS ACTIVIDADES DO NADAL A TRAVÉS DA PÁXINA WEB MUNICIPAL [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)

Dúvidas e consultas no teléfono 981 814 691 de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas ou no enderezo electrónico: [cultura@concellodevedra.com](mailto:cultura@concellodevedra.com). Todas as actividades seguirán o protocolo preventivo da COVID-19 e terán aforo limitado.



## ACAMPARTE DE NADAL ANPA CEIP ORTIGUEIRA

■ Unha proposta lúdica, divertida, diferente e de conciliación para este Nadal!!

Será na nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla para nenas e nenas dos 3 aos 12 anos.

Bótalle un ollo ao calendario, prezos, forma de inscrición...

**CAMPAMENTO DE NADAL**  
**ANPA CEIP ORTIGUEIRA**  
**23, 24, 28, 29, 30 E 31 DE DECEMBRO**  
**4, 5 E 7 DE XANEIRO**  
APÚNTATE NO 661351053 OU CONTACTANDO CON ALGUÉN DA ANPA  
HORARIO: DE 10:00 A 14:00  
UBICACION: NAVE DA ESTACIÓN DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA  
Número mínimo e máximo de prazas  
PREZO SOCI@S: 40€  
PREZO NON SOCI@S: 50€

## ESCOLA ESCAUTULLÁN DE NADAL DA ASOC. AMABUL

■ Outra opción lúdica, divertida, diferente e de conciliación para este Nadal!!

Será na Casa das Artes de Vedra e na nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla para nenas e nenos dos 7 aos 17 anos. Bótalle un ollo ao calendario, prezos, forma de inscrición...

Xogos ambientais · Descubertas da contorna · Aprendizaxe sensorial · Observación  
Saídas de campo · Obradoiros de mellora do medio · Actividades de investigación  
Xincanas ambientais · Traballo de campo · Coensinanza libre  
**Cando?**  
Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro, de luns a venres, en horario de 8<sup>30</sup>h a 14<sup>30</sup>h  
**Para quen?**  
Para nenas/os nadas/os entre 2004 e 2014  
**Canto custa?**  
100 € (non socias/os) e 80 € (socias/os) - desconto do 30% a partir da/o segunda/o irmá/n  
**Como inscribirse?**  
A través do formulario web contido no noso facebook  
Máis info...  
620 424 090 e [www.amabul.org](http://www.amabul.org)

## Cultura

## APÚNTATE A TRANSMUTAR CAMIÑOS E FORMA PARTE DUNHA ACCIÓN ARTÍSTICA COLECTIVA!

■ O proxecto de experimentación colectiva Transmutar Camiños, deseñado por 7H Cooperativa Cultural co obxectivo de transformar historias de lugares atravesados polo Camiño de Santiago en accións artísticas colectivas, busca participantes no Concello de Vedra.


A artista visual Ruth Montiel Arias participará ao longo do mes de decembro nunha serie de encontros, virtuais e presenciais, orientados a crear conxuntamente coa veciñanza unha intervención artística. A experimentación con medios fotográficos e audiovisuais e a reflexión arredor da nosa relación co medio e a natureza serán os eixos transversais

da proposta.

Se queres involucrarte na iniciativa ou tes algunha dúbida sobre como participar, escribe un correo electrónico ao enderezo [7hcoop@7hcoop.gal](mailto:7hcoop@7hcoop.gal). É de balde!

A primeira sesión realizarase o luns 14 de decembro, en horario de tarde (por definir) a través dunha plataforma virtual. Posteriormente, realizaranse unha serie de actividades nunha ou varias localizacións do Concello nas que se levará a cabo a peza artística de forma colaborativa.

A iniciativa, financiada pola Área de Cultura da Deputación da Coruña, conta coa colaboración dos



municipios de Ames, Brión, Teo e Vedra



## V12 De parroquia en parroquia. 12 parroquias, 12 meses ,12 percorridos temáticos.

■ Continuamos co programa *V.12 De parroquia en parroquia, que nos levará durante o vindeiro ano a percorrer cada un dos recunchos do concello*. No mes de decembro camiñaremos pola parroquia de Vedra co percorrido V2. De emigracións e tradicións. No que falaremos da vida cotiá e costumes na Galicia do século XIX e XX, dos motivos que levaron a miles de persoas a buscarse a vida en Arxentina, e de como intentarán adaptarse, sen conseguilo de todo, mantendo sempre as súas tradicións e mirada cara Galicia. Tamén percorrermos o patrimonio da

parroquia de Vedra e contaremos ca participación de invitados moi especiais.

Por mor da pandemia seguimos sen poder facer as rutas presenciais. Así que faremos o mesmo que fixemos o mes pasado: o venres 18 de decembro estarán dispoñibles, na web e no facebook de turismo do concello, seis vídeos e un mapa para que poidades facer a ruta pola vosa conta, ao voso ritmo, ca vosa familia e sen riscos.

## Desenvolvemento Local




### HAI VEDRA

Este Nadal merca no comercio local



Este Nadal agasalla produtos de Vedra



#Compromiso co comercio local  
#É tempo de apoiarnos...merca en Vedra  
#Valoremos o noso...merca en Vedra



### VEDRA EN “VENTE A VIVIR A UN PUEBLO”

■ O Concello de Vedra atópase nesta plataforma que trata de difundir as belezas, servizos e oportunidades de lugares diversos, e ao tempo axudar a que a xente das cidades poida coñecer e elixir un pobo no que mereza a pena ir vivir, como e por que. Neste espazo audiovisual respóndese ás grandes dúbidas que alguén pode ter á hora de cambiar a cidade por un pobo: conectividade, transportes, venda, educación, sanidade, traballo, axudas, etc. e demostrar que é algo moito máis fácil, sinxelo e be-

neficioso do que se pode imaxinar.

Por todo isto, participamos desta iniciativa a nivel estatal, xurdida no contexto de pandemia que pretende axudar a aumentar a poboación dos pobos e que trata de poñer en valor o rural como alternativa para vivir.

Entra e vente vivir a Vedra!

<https://venteaviviraunpueblo.com/pueblo/vedra/>



## VEDRA MEDRA DE CRUCES, CRUCEIROS, CAMIÑANTES E CAMIÑOS CARA COMPOSTELA

■ Xa co curso en marcha, **Vedra medra** principia as súas actuacións neste atípico 2020. Eliximos adrede o 16 de novembro, Día Internacional do Patrimonio Mundial, para abrir a xanela do noso **Facebook Vedra medra**.

O proxecto actual "*Vedra medra. De cruces, cruceiros, camiñantes e camiños cara Compostela*" forma xa parte da listaxe provisional de centros seleccionados pola Consellería de Educación para o Plan Proxecta 2020-21 de innovación educativa na modalidade de Educación patrimonial.

Ás portas do Ano Xacobeo, o Camiño de Santiago volve ser o eixe central da nosa programación, mais nesta ocasión nas rutas de peregrinación que fagamos pola Ulla e Compostela deterémonos nun elemento patrimonial característico da nosa identidade: o *cruceiro*.

Estudaremos a orixe, datación, tipoloxía, crenzas e tradicións ligadas a este monumento popular e prestarémoslles unha especial


atención aos cruceiros repartidos polas doce parroquias que conforman este concello.

Percorreremos a Ruta da Prata entre Vedra e Compostela, o camiño Miñoto-Ribeiro ao seu paso polas terras vedresas, volveremos ao Pico Sacro, lugar de peregrinación e fonte de innumerables lendas, visitaremos o Santiaguíño do Monte e a Igrexa de Santiago en Padrón e poñeremos o peche ás saídas didácticas en Compostela.

Continuaremos coa recollida do léxico patrimonial da Ulla a través de **BótameUnCapiro**, o proxecto que iniciamos hai xa dous anos e para o que contamos coa nosa propia app móbil.

Non deixaremos de aprender sobre o **Entroido Rural Tradicional da Ulla** grazas á Escola de Xeneais e Correos que se puxo en marcha o curso pasado e na que colaboramos co Concello de Vedra .

Os traballos de investigación sobre a **toponimia local**, a **tradición oral**



e a **cultura popular** completarán o programa de Vedra medra no que tamén teremos como novidade un obradoiro de **música tradicional**.

O desenvolvemento das anteditas actuacións estará condicionado á evolución da situación epidemiolóxica e sabemos de antemán que algunhas han ter que adaptarse ou mesmo aprazarse ou cancelarse. Pero empezamos con ilusións renovadas e tendo presente sempre a normativa vixente.

## Servizos Sociais

### LUDOTECA MUNICIPAL

■ Continúa esta acción de conciliación da vida familiar e laboral que propón un espazo de xogo para as idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos en horario de luns a venres.

- **Horario de Nadal na ludoteca:** a partir do 23 de decembro e ata o 7 de xaneiro (incluídos) de 08:30 a 14:30 horas. A ludoteca permanecerá pechada os días 24, 25 e 31 de decembro e o 1 e 6 de xaneiro.





## ASOCIACIÓN DE GAITEIR@S GALEG@S XORNADAS DE BAILE TRADICIONAL EN VEDRA

■ A Asociación do baile e a música de tradición galega organiza en Vedra unha xornada de formación sobre o baile tradicional.

Será o vindeiro 13 de decembro na Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla.



## Parabéns



### ...Á GRANXA EXPOCUTRÍN

■ Polo seu recente e novo premio recibido na 27 Gala Porc D'or que este ano foi en Lleida e que a causa da Covid19 se celebrou en aberto e en directo a través dunha canle de Youtube nunha gala que cada ano premia á excelencia na produción porcina.

Despois de que esta granxa recibira un ouro en Segovia no 2017 e dúas pratas consecutivas nos anos 2018 e 2019 unha vez máis recibiu o maior dos recoñecementos na modalidade de "fertilidade".

Felicidades por este novo ouro e este novo recoñecemento a nivel nacional ao traballo ben feito.



## Da veciñanza




### ASÍ NON!!! AVISO IMPORTANTE!!

■ Risco por circulación a unha velocidade temeraria polas vías do concello, en horarios especialmente perigosos.

**APELACIÓN Á RESPONSABILIDADE**

As autoridades están sabedoras dos feitos e tomarán as medidas que correspondan.



**PUBLICA A TÚA PROPOSTA:** Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo [novas@concellodevedra.com](mailto:novas@concellodevedra.com) con co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.